

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 9:42:30

SAIDA

7529/20



Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 44/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], en representación [REDACTED], mediante escrito do 27 de marzo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de marzo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, Comunicación do 27 de febreiro de 2020, do Director Xerente da Fundación Deporte Galego, referente á solicitude de Certificación presentada pola Federación Galega de Tenis de mesa do 12 de febreiro de 2020.

O reclamante indicaba que solicitou á Fundación Deporte Galego, o pasado 6 de febreiro de 2020 diversa documentación, entre a que se atopaba os certificados da Federación Galega de Tenis de Mesa presentados no procedemento relacionado co patrocinio do Club Illas Cíes de Tenis de Mesa do equipo da División de Honra Feminina de Tenis de Mesa, que figura no escrito recibido e presentado pola presidenta de Illas Cíes TM o pasado 24 de setembro de 2019 na documentación do expediente, onde fai figurar ese certificado no correo electrónico que envía o Director Xerente o día 8 de febreiro como contestación á súa petición do día 6 de febreiro. Nese correo electrónico se considera como material auxiliar ou de apoio, calquera documento comunicado ou informe remitido con anterioridade pola Federación.

O interesado, ante a negativa a facilitar o certificado, presento por escrito no Rexistro da Fundación Deporte Galego o 12 de febreiro de 2020, o certificado da Federación Galega de Tenis de Mesa previo ao enviado na documentación solicitada e que figura en correos electrónicos anteriores.

Con data do 27 de febreiro de 2020 recibiu como resposta á súa solicitude un correo electrónico no que se lle comunica que a súa solicitude xa foi atendida en diferentes peticións.

Segundo escrito recibido na Fundación Deporte Galego remitido pola presidenta de Illas Cíes TM de data 29 de abril de 2019, que lle remitiron ao agora reclamante se din que o "Que o presidente do club Agrupacion Deportiva Vincios de tenis de mesa, ██████████ ██████████, trasladoume esta mañá (29.04.2019) que nunha conversa con ██████████ da Fundación Deporte Galego, e no transcurso da mesma este lle manifestou que no certificado federativo (Certificado da FGTM) recibido para os convenios de patrocinio deportivo dos clubs galegos que militan na primeira e segunda ligas nacionais, pon que a praza que ocupa el equipo de División de Honra Feminina (DHF) do Illas Cíes, está pendente dunha sentenza xudicial. E con esa anotación no certificado non poden invitarnos a participar no Plan Publicitario dos Equipos de Alta Competición de Galicia (Eercicio 2019)".

De acordo co anterior, o reclamante solicita que pola a Fundación Deporte Galego, se lle remita copia do certificado da Federación Galega de Tenis de Mesa, previo o enviado dentro do Expediente solicitado polo reclamante.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI, de copia dun escrito da presidenta do Club de Tenis de Mesa Illas Cíes á Fundación Deporte Galego de certificado do 7 de maio de 2019 do Presidente da Federación Galega de Tenis de Mesa, de informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia sobre a procedencia de incluír ao Club Illas Cíes no Plan de Patrocinio Publicitario dos Equipos de alta competición de Galicia, copia de diversos correos electrónicos e copia da Resolución do Plan de Patrocinio publicitario dos equipos de alta competición de Galicia do exercicio 2019.

Segundo. Con data do 30 de abril de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Fundación Deporte Galego para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 1 de xuño de 2020 a Fundación Deporte Galego contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que para o Plan de Patrocinio Publicitario dos Equipos de Alta Competición solicítase ás Federacións deportivas galegas a súa colaboración para que certifiquen os equipos que potencialmente poden ser beneficiarios do mesmo.

Os días 13 e 18 de xaneiro de 2019, entra no rexistro da Fundación un escritos e documentación presentada por ██████████ solicitando á paralización da solicitude de convenio de patrocinio por parte do Club de Tenis de Mesa Illas Cíes en referencia ao equipo de División de Honra Feminina de Tenis de Mesa da tempada 2018-2019.

Debido ao retraso no proceso administrativo do procedemento de patrocinio, as dúbidas xeradas polos escritos presentados en rexistro por ██████████, e tido en conta que pasara moito tempo dende a primeira certificación, o 3 de abril de 2019 volve a solicitárselle ás diferentes Federacións deportivas galegas unha nova certificación por si neste tempo se dera algunha modificación. A Federación Galega de Tenis de Mesa envía a certificación solicitada.

O día 8 de maio, previo ao envío do correo de invitación para formalizar a solicitude do plan de patrocinio a través da sede electrónica, solicítaselle por teléfono ao Presidente da Federación Galega de Tenis de Mesa un certificado individual da situación do Club de Tenis de Mesa Illas Cíes para valorar a posibilidade de invitar ou non a esta entidade. A Federación envía o documento solicitado.

En data de 14 de xuño de 2019, publicouse a resolución do padroado da Fundación pola que se eleva a definitiva a resolución provisional da adxudicación dos convenios de patrocinio. Tida en conta toda a documentación presentada por ██████████ e outras entidades implicadas no proceso de estudo e formalización das invitacións, publícase nesta resolución un apartado de incidencias detectadas, entre as que figura a relacionada con o expediente do Illas Cíes Tenis de Mesa e sobre o que se decide, entre outros asuntos, solicitar á Federación Galega de Tenis de Mesa un certificado adicional que acredite, no seu caso, que o equipo de división de honra feminino do Illas Cíes competiu na temporada 2018-2019, solicitarlle ao Club Vincios información acerca da cesión dos dereitos federativos ao Club de Tenis de Mesa Illas Cíes, para no caso de non presentar a documentación ou de ser esta insuficiente, proceder a adoptar unha resolución excluíndo ao Illas Cíes Tenis de Mesa.

██████████, presentou o 8 de agosto de 2020 (debe entenderse que é un erro e refírese a 2019), o acceso como parte interesada, á documentación presentada polos diferentes actores neste procedemento.

O padroado da Fundación Deporte Galego, en data 31 de xaneiro de 2020, resolve positivamente o expediente, incluíndo ao equipo feminino do Club de Tenis de Mesa Illas Cíes no Plan de Patrocinio Publicitario dos equipos de Alta Competición de Galicia (Eercicio 2019).

En data do 4 de febreiro de 2020, o director-xerente da Fundación Deporte Galego dá traslado mediante correo electrónico a ██████████ da documentación publica referida na súa solicitude do pasado 8 de agosto de 2019.

O mesmo día, recíbese resposta do e ██████████ solicitando aclaración do erro cometido ao non remitir a resposta do club Illas Cíes Tennis de Mesa ao requirimento da Fundación de 14 de xuño de 2019. O ██████████ solicita que se lle remitan, entre outros documentos, certificacións da Federación Galega de Tennis de Mesa do expediente do propio Plan de Patrocinio, previo ao requirimento de aclaracións do 14 de xuño, que lle son remitidos con data do 6 de febreiro de 2020 e entre os que se inclúe ao club Illas Cíes Tennis de Mesa.

Dado que se cometeu un erro no envío da documentación, o mesmo día 6 de febreiro recíbese correo do ██████████ solicitando de novo a documentación correcta para comprobar se o Club Illas Cíes Tennis de mesa presentou a documentación fóra de prazo e adicionalmente solicita un certificado da Federación galega de Tennis de Mesa ao que se fai referencia no escrito da Presidenta do Club Illas Cíes de 29.04.2019, que lle foi remitido por erro pola Fundación o 6 de febreiro de 2020.

En relación co certificado solicitado se lle indicou ao ██████████ que o certificado federativo remitido pola FGTM é o que forma parte do procedemento para a inclusión de todos os equipos de tennis de mesa de Galicia no plan de patrocinio 2019 e o que solicita non forma parte do expediente, senón que unicamente se menciona nun escrito dunha persoa allea á Fundación, cando solicita que o seu club sexa tido en conta no Plan de patrocinio da Fundación.

O inicio do expediente do plan de patrocinio o conforman as últimas certificacións das federacións galegas das modalidades deportivas incluídas, calquera outra documentación previa (documentación previa das federacións, os calendarios estudados, e outras comunicacións previas) é documentación de estudo e análise, que non forma parte do expediente. En todo caso, aínda que non forma parte do expediente do Plan de Patrocinio, xúntase como documento 2 ao presente informe a certificación previa de estudo presentada pola Federación Galega de Tennis de Mesa (certificación que, en calquera caso, non ten o contido indicado no escrito do Club Illas Cíes).

Ante a reiteración do ██████████ na súa petición do certificado da Federación Galega de Tennis de Mesa previo ao entregado nos correos anteriores, o director-xerente da Fundación en data 8 de febreiro lle comunica que o documento ao que se refire na súa petición foi utilizado como material auxiliar ou de apoio nunha fase moi preliminar de preparación do expediente do Plan de Patrocinio e non forma parte do mesmo, o que constitúe causa de inadmisión da petición de acceso a información pública de acordo co artigo 18 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ante nova reiteración da solicitude do interesado, con data do 27 de febreiro de 2020 se lle reiteran as anteriores respostas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 27 de febreiro de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 27 de marzo de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O documento obxecto de solicitude segundo manifesta o reclamante, é un certificado da Federación Galega de Tenis de Mesa recibido para os convenios de patrocinio deportivo dos clubs galegos que militan na primeira e segunda ligas nacionais, no que figura que a praza que

ocupa el equipo de División de Honra Feminina (DHF) do Illas Cíes, está pendente dunha sentenza xudicial.

Segundo o informe remitido pola Fundación Deporte Galego, o inicio do expediente do plan de patrocinio o conforman as últimas certificacións das federación galegas das modalidades deportivas incluídas, e calquera outra documentación previa (documentación previa das federacións, os calendarios estudados, e outras comunicacións previas) é documentación de estudo e análise, que non forma parte do expediente, polo que se considera como material auxiliar ou de apoio, sendo esta unha causa de inadmisión de conformidade co disposto no artigo 18.1.b) da Lei 19/2013. O certificado solicitado existe, é a Fundación o remite a esta Comisión, facendo constar que o dito certificado non ten o contido indicado polo solicitante.

O artigo 18.1.b) da Lei 19/2013, permite a inadmisión das solicitudes de acceso referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

Documentación auxiliar ou de apoio é un concepto xurídico indeterminado que ha de ser resolto atendendo a criterios de sentido común, en relación co contexto en que se sitúa e esta causa de inadmisión, como o resto das que figuran no artigo 18, deben interpretarse restritivamente, en favor dunha interpretación abertamente favorable ao exercicio do dereito de acceso.

A condición de auxiliar ou de apoio da información, e non a denominación formal que a mesma poida recibir, é o elemento determinante para a aplicación da causa de inadmisión. Imponse, pois, o exame, en cada caso, da información cuxo carácter auxiliar se alegue, ao obxecto de decidir si, efectivamente, conta ou non coa devandita natureza.

Débase ter en conta que a enumeración do artigo 18.1.b) é unha mera exemplificación que, en ningún caso, afecta a todos os conceptos enumerados, senón unicamente aos que realmente teñan a dita condición principal de auxiliar ou de apoio. Por tanto, pode darse o caso de que a información contida nalgún dos documentos desa listaxe (nota, borrador, resumo,..) careza, para os efectos do seu acceso, de natureza de auxiliar ou de apoio, da mesma forma que pola contra, non cabe excluír a posibilidade de que sexa información auxiliar ou de apoio, información plasmada noutros posibles documentos ou en soportes diferentes.

O feito de que a información solicitada non constituía un trámite do procedemento non é en ningún caso elemento determinante da súa natureza auxiliar ou de apoio. É necesario ter en conta neste sentido, que na normativa de transparencia o dereito de acceso non está supeditado á inclusión da información nun expediente administrativo, polo que non se pode

afirmar que a información que non forma parte do expediente é sempre auxiliar e está á marxe do dereito de acceso.

O Criterio interpretativo 6/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno concreta que se pode considerar información auxiliar ou de apoio a que conteña opinións ou valoracións persoais do autor que non manifesten a posición dun órgano ou entidade, cando o solicitado sexa un texto preliminar ou borrador sen a consideración de final, cando se trate de información preparatoria da actividade do órgano ou entidade que recibe a solicitude, cando a solicitude se refira a comunicacións internas que non constitúan trámites do procedemento ou cando se trate de informes non preceptivos e que non sexan incorporados como motivación dunha decisión final.

O punto de conexión dos motivos para considerar que unha información é auxiliar ou de apoio e por tanto o que determina a exclusión do acceso á mesma, ven dado en conexión coa propia finalidade da Lei manifestada no seu Preámbulo, é dicir, pola súa relevancia para a rendición de contas, para o coñecemento da toma de decisións públicas, e a súa aplicación. Como se establece no criterio interpretativo citado, a motivación que esixe a Lei para que operen as causas de inadmisión ten como finalidade de evitar que se denegue información que teña relevancia na tramitación do expediente ou na conformación da vontade pública do órgano, información que, en ningún caso, terá a condición de información de carácter auxiliar ou de apoio que, por definición, supón unha limitada incidencia ou relevancia nunha decisión pública; liña na que igualmente apuntan os primeiros pronunciamentos xudiciais na materia.

Pode así concluírse que a natureza auxiliar ou de apoio de determinada información non deriva de ningún dato ou elemento cualitativo, das súas posibles características obxectivas, senón que depende, en último termo, da significación que poida ter para o coñecemento de como se adoptou determinada decisión nunha valoración na que ha de recoñecerse que as autoridades de transparencia dispoñen dunha ampla marxe de apreciación na súa decisión, pero que debe interpretarse no senso favorable ao exercicio do dereito, facendo unha interpretación restritiva da causa de inadmisión do artigo 18.1.b) da Lei 19/2013.

Un certificado, que é o obxecto da petición, é un documento acreditativo dunha situación ou unha realidade, que consta fehacientemente á persoa que a emite. O feito de que a Fundación Deporte Galego o considere un documento *previo ao expediente*, é que considere que non forme parte do mesmo, non o pode converter nun documento auxiliar ou de apoio, é por tanto vedar o acceso ao mesmo a calquera persoa que teña interese en coñecelo. O feito de que o documento en cuestión non teña o contido que o solicitante cree que ten, tampouco é motivo para denegar o acceso ao mesmo.

Tal e como figura no informe da Fundación Deporte Galego, durante a tramitación do expediente se solicitan unha serie de certificacións que, por diversos motivos se van

actualizando. Todas estas certificacións, son documentos adquiridos pola Fundación no exercicio das súas funcións, e polo tanto son documentos que entran dentro do concepto de información pública de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 1/2016, sen que polo feito de que se actualicen, ou non teñan o contido que o solicitante cree que ten, se lle poda considerar que se trata de información auxiliar ou de apoio.

De acordo co anterior, non se pode dar a un certificado inicial a consideración de información auxiliar ou de apoio, dado que, o feito de que a Fundación considerase necesaria a súa actualización, permite coñecer como se tomou unha decisión pública, neste caso a aprobación dun plan de financiación de entidades deportivas con fondos públicos. Por tanto procede a estimación da reclamación presentada por considerar o documento solicitado como información pública.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Primeiro: Estimar a reclamación presentada por ██████████, en representación do ██████████ con data do 27 de marzo de 2020, contra a denegación de Comunicación do 27 de febreiro de 2020, do Director Xerente da Fundación Deporte Galego, referente á solicitude de Certificación presentada pola Federación Galega de Tenis de mesa do 12 de febreiro de 2020.


Segundo: Instar a Fundación Deporte Galego, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.


Terceiro: Instar a Fundación Deporte Galego, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



 (+34) 981 56 97 40

 Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

 info@comisiondatransparencia.gal

 www.comisiondatransparencia.gal

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2020.07.01 12:22:09 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.